

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servizos Económicos

Aprobación definitiva da Ordenanza fiscal n.º 3

Asunto: Aprobación definitiva de Ordenanza fiscal n.º 3

Terminado o prazo de exposición pública sen presentación de reclamación do seguinte expediente aprobado en sesión plenaria de 29 de setembro de 2016, e publicado anuncio de aprobación provisional no BOP de 5 de outubro de 2016:

– **Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica**

De acordo co disposto no artigo 17 do TR 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, procédese á publicación íntegra do texto da ordenanza fiscal ao considerarse aprobada definitivamente:

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 3 "IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA"

ARTIGO 1. De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste Concello está fixado no 1,5325 co detalle que figura no cuadro de tarifas:

Tarifas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

A. TURISMOS

De menos de 8 cabalos fiscais	19,34 €
De 8 até 11,99 cabalos fiscais	52,23 €
De 12 até 15,99 cabalos fiscais	110,25 €
De 16 até 19,99 cabalos fiscais	137,33 €
De 20 cabalos fiscais en diante	171,64 €

B. AUTOBUSES

De menos de 21 prazas	127,66 €
De 21 a 50 prazas	181,82 €
De máis de 50 prazas	227,27 €

C. CAMIÓN

De menos de 1.000 kg de carga útil	64,79 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	127,66 €
De 2.999 a 9.999 kg de carga útil	181,82 €
De máis de 9.999 kg de carga útil	227,27 €

D. TRACTORES

De menos de 16 cabalos fiscais	27,08 €
De 16 a 25 cabalos fiscais	42,56 €
De máis de 25 cabalos fiscais	127,66 €

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

De menos de 1.000 kg de carga útil	27,08 €
De 1.000 a 2.999 kg de carga útil	42,56 €
De máis de 2.999 kg de carga útil	127,66 €

F. OUTROS VEHÍCULOS

Ciclomotores	6,77 €
Motocicletas até 125 c.c.	6,77 €
Motocicletas de máis de 125 até 250 c.c.	11,60 €
Motocicletas de máis de 250 até 500 c.c.	23,22 €
Motocicletas de máis de 500 até 1.000 c.c.	46,42 €
Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	92,84 €

ARTIGO 2.

O pagamento do imposto acreditarase mediante a declaración-liquidación ou recibo, debidamente validado pola Entidade Recadadora.

ARTIGO 3.

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos, ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación ós efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán nos lugares que determine a Deputación Provincial da Coruña, no prazo de trinta días a contar desde a data de adquisición ou reforma, declaración-liquidación segundo o modelo aprobado pola mesma Corporación, achegando a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado de características técnicas do vehículo e documento nacional de identidade ou código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

2. Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe que a mesma fora efectuada mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

ARTIGO 4.

1. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ó imposto que se atopen inscritos no correspondente rexistro público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termino municipal.

2. O Padrón do Imposto exporase ó público anualmente para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formula-las reclamacións oportunas. A exposición ó público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e, producirá os efectos da notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

ARTIGO 5.-Beneficios fiscais.

1. Os suxeitos pasivos dos que o seu nome conste o vehículo no permiso de circulación, poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto, cando o vehículo teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a Entidade Local que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Con anterioridade ó devengo do imposto deberase aporta-la documentación acreditativa necesaria para determinar o sinalado no apartado anterior. Esta documentación será: acreditación da data de primeira matriculación ou certificado de fabricación do vehículo expedido polo fabricante correspondente.

O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do exercicio seguinte ó da data da súa solicitude e non terá carácter retroactivo.

2. En relación á incidencia do carburante empregado no medio ambiente, e en función das características dos motores, disfrutarán dunha bonificación do 75% na cota do imposto, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diesel, ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, axeitados a súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes.

- Que se trate de vehículos con motor eléctrico.

Esta bonificación terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a Administración que teña asumida a xestión tributaria do imposto. Deberá achegarse a seguinte documentación:

– Ficha técnica do vehículo e documentación acreditativa dos requisitos.

ARTIGO 6.-Exencións.

As legalmente previstas no artigo 93 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En relación co disposto no parágrafo segundo do artigo 93.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os solicitantes da exención por discapacidade deberán achegar o certificado da discapacidade (en grado igual ou superior ao 33 por cento) emitido polo órgano competente, ou na sua falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grado de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o trinta de decembro de 1992.

Foi modificada posteriormente segundo acordos do Concello Pleno de 18 de xullo de 1996, 30 de setembro de 1999, 6 de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 29 de xullo de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006, 27 de setembro de 2007 e 4 de setembro de 2008.

A presente modificación, foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2016. Entrará en vigor, logo da súa publicación no BOP, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.

Arteixo, a 23 de novembro de 2016.

O concelleiro de servizos económicos

Asdo.: José Baldomero Vazquez Pereiro

2016/9917